



---

## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

### **ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 9 DE XANEIRO DE 2024.**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as doce horas do día nove de xaneiro de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D<sup>a</sup>. GABRIELA PÉREZ COSTA.  
D. MANUEL FORMIGO DE LA FUENTE.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 14 DE DECEMBRO DE 2023.-** Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 14 de decembro de 2023.

**2.- LICENCIAS DE OBRA.-** Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de no cumprirse as condicións fixadas.

**AUTORIZAR a D. HUMBERTO FERRO RIVERA,** con domicilio en Rúa Lamigueiro (Beades), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmóble sito en Rúa Lamigueiro 3, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de substitución de fiestras, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

\* 2% sobre presuposto de execución de 3.774,36 €..... 75,49 €.



## CONCELLO DE BEADE

P32011001

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

**AUTORIZAR a D. LUIS CUÑA CIBEIRA**, con domicilio en Rúa Cabo de Vila, 17 (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito en Rúa Cabo de Vila, 17, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de retirada de escombros, acondicionar 40 m<sup>2</sup> de piso de formigón, revisar Tellado e facer dúas paredes, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

A presente licencia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

\* 2% sobre presuposto de execución de 1.875,00 €..... 37,50 €.

**DENEGAR LICENCIA DE OBRA a D<sup>a</sup>. LUCITA POUSA LABORA**, con domicilio en Rúa Cabo de Vila, 6 (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible sito en Rúa Cabo de Vila, 6, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de colocación de lareira de 2,5 X 2 m e tellado, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal.

**3.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN.-** Dase conta do escrito resentado por D. Tomás Cibeira Estévez, en representación da Comisión de Festas San Roque de Beade, solicitando axuda económica para o pago de colchonetas empregadas na Festa de Santa Lucía.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan conceder unha axuda económica por importe de 150,00 €.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as doce horas e dez minutos minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro